

Os pescadores do illote do Mouro.

O Illote do Mouro é un pobo diminuto situado no Parque Natural do Cabo de Gata, fronte a unha pequena illa e nun enclave que frecuentaron os musulmáns do norte de África.

Os seus escasos habitantes están afeitos a faenar mesmo na escuridade, aínda que cada vez son menos os que se adican á pesca.

No mar xógase o antigo xogo da supervivencia.

É un xogo que sempre ten perdedores. Aínda que sexa diminuta, unha captura é sempre benvinda.

Coas primeiras luces comeza unha partida que se xoga en equipo. Despois haberá que repartir a pesca, pero á hora de botar as redes vale máis andar en compañía.

A moruna é unha arte de pesca tan sofisticada como antiga. Similar á almadraba, para calar as súas redes son necesarias varias persoas, e mellor aínda se o traballo é feito desde dúas barcas, xa que a disposición dos panos é complexa e a súa eficacia depende da precisión.

Cumprido co primeiro esforzo, hai que comprobar que a moruna estea ben calada, e esperar. A pesca non é oficio para impacientes.

A presenza de Posidonia ofrece certas garantías, pois arredor dela créanse redes tróficas ricas e complexas, sempre rematadas por especies cobizadas polos humanos.

Os peixes achéganse e seguen un pano da rede. É doado entrar na moruna.

Todo un banco de peixes limón, ou un de corvas, e mesmo peixes grandes, como un mero ou unha ouxa, adéntranse no labirinto formado por un complexo sistema de cámaras e rematado en espiral, do que lles resultará moi difícil, case imposible, saír.

As luras tardan en se dar de conta de teren caído na trampa. O mesmo acontece con esta sepia, e ata o polbo queda sen máis recursos que a forza para tentar saír.

Hoxe, por sorte, a moruna foi moi visitada.

Hai que virar as redes. Os pescadores saben que deben interpretar con precisión unha coreografía antiga e perfecta.

Os peixes tentan escapar unha vez máis, pero, nesta ocasión, a partida é gañada polos pescadores do Illote do Mouro.

Cos tesouros arrincados ao mar, é hora de volver á casa. Hoxe non se deu mal a faena. No illote, as mulleres, que adoitan agardar na praia, ollan ansiosas cara as barcas.

O torno axuda no penúltimo esforzo do día.

O último é chegar ata casa co peixe, por esa praia pola que os pescadores transitan dende que lembra a memoria. Todo no Illote do Mouro é artesanal.